

# GeoRSS<sup>1</sup> cos niveis horarios de calidade do aire

---

O documento que se presenta a continuación contén a descrición das etiquetas incluídas no arquivo en formato GeoRSS cos niveis de calidade do aire en hora local.

Convén ter en conta que a información relacionada coa estrutura do ficheiro GeoRSS presentarase en cursiva. A información está contida nas dúas etiquetas ou 'tags' principais:

```
<rss><channel>....</channel></rss>
```

Na descrición do resto das etiquetas distinguiremos dous bloques: as etiquetas propias do formato GeoRSS e as que se deberán ter en conta para descargar a información en formato XML.

## Parámetros que acepta o GeoRSS

A este GeoRSS pódenselle pasar os seguintes parámetros:

- Para o **idioma**: O parámetro é *request\_locale* e pode ter os seguintes valores:

*request\_locale=es* → para o idioma castelán.

*request\_locale=gl* → para o idioma galego.

- Para a **zona de ICA**: O parámetro é *idZona*, un identificador numérico e único para cada zona. No Anexo I deste documento pode ver unha lista con todos os identificadores. Ó indicar unha zona automaticamente se amosan os datos das derradeiras 24 horas desa zona.
- Para a **data** da consulta: O parámetro *data* é unha cadea de texto seguindo o formato dd/mm/aaaa. Se non se indica este parámetro por defecto collería a data actual.
- Para a **hora** da consulta: O parámetro *hora* é un valor numérico entre 0 e 23. Se non se indica collería a hora actual.

---

<sup>1</sup> GeoRSS pertence á familia de estándares RSS e empregase para representar información xeorreferenciada anotando xeograficamente as entradas do RSS para que dita información poida ser localizada no mapa.

Todos estes parámetros non son obrigatorios. No caso de non incluílos mostrarase un resultado cos seguintes valores por defecto:

- Para o idioma o valor por defecto é o galego
- Os datos de todas as zonas de calidade do aire
- O día actual
- A hora actual
- No caso de non indicar o identificador da zona, apareceran todas as de Galicia.

A Coruña
Ferrol
Laza
Lugo
Ourense
Pontevedra
Ponteareas
Santiago de Compostela
Vigo

## Exemplos

Últimos índices horarios para todas as zonas:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/caire/rsslcaHorario.action>

Últimas 24 horas de índices horarios para a zona de Pontevedra:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/caire/rsslcaHorario.action?idZona=5>

Últimas 24 horas de datos do día 3 de maio do 2013 rematando as as 5 da mañá:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/caire/rsslcaHorario.action?data=03/05/2013&hora=5&idZona=5>

## Etiquetas propias do GeoRSS

**Title:** Título do GeoRSS.

**Link:** Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra o índice de calidade do aire horaria

**Description:** Descrición do contido do GeoRSS.

**Item:** Cada grupo de etiquetas contidas entre as etiquetas `<item>...</item>` constitúe o bloque de información referida a un índice de calidade para unha hora e zona en concreto. O significado de cada unha desas etiquetas é o seguinte:

**Title:** Nome da zona á que fai referencia o índice.

**Link:** Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra a calidade do aire cunha periodicidade horaria.

**Description:** Contén a descrición do índice da zona para a hora en concreto, así como unha táboa na que se indica a calidade en xeral para a zona e a segregación por contaminante e cálculo horario.

**Guid:** Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que amosa a calidade do aire horaria para a zona.

**Georss:point:** Punto que contén un único par latitude - lonxitude separados por un espazo en branco. Esta etiqueta é propia do GeoRSS-Simple<sup>2</sup>

### Etiquetas dos datos de calidade do aire

Están contidas na etiqueta `<item>...</item>` e son as seguintes:

- **Ica:data:** Data do índice de calidade do aire.
- **Ica:hora:** Hora do índice.
- **Ica:zona:** Zona coa que se corresponde o índice.
- **Ica:idZona:** Identificador da zona.
- **Ica:valor:** Valor do ICA.
- **Ica:nombreValor:** Nome asignado ó valor de ICA.
- **Ica:icaParcial:** Compoñente parcial do cálculo da calidade do aire. Hai un por cada cada estación, contaminante e horario indicado na instrución técnica do Cálculo do ICA.

Engádense varios atributos descritivos:

- **Parámetro:** Parámetro para o que se fai o calculo parcial.
- **Estación:** Estación empregada para a realización do cálculo.
- **Cálculo:** Tipo de cálculo horario empregado.
- **Data:** Data do cálculo.
- **Hora:** Hora do cálculo.
- **Valor:** Valor do ICA parcial.
- **Texto:** Nome do ICA parcial.

---

<sup>2</sup> Para máis información do GeoRSS-Simple consultar: <http://www.georss.org>

Exemplo de un bloque representativo:

```

<item>

  <title>Pontevedra</title>
  <link>http://www.meteogalicia.es/Caire/indiceICA.action?request\_lo
  cale=glidZona=5</link>

  <description>(…)description>

  <guid>http://www.meteogalicia.es/Caire/indiceICA.action?request\_lo
  cale=glidZona=5</guid>

  <georss:point>42.425753 -8.662739</georss:point>

  <Ica:data descricion="Data do índice de calidade do aire "
  formato="dd/MM/yyyy">24/04/2014</Ica:data>

  <Ica:hora descricion="Hora do índice"
  formato="HH:mm">12:00</Ica:hora>

  <Ica:zona descricion="Zona">Pontevedra</Ica:zona>
  <Ica:idZona descricion="Identificador da zona">5</Ica:idZona>
  <Ica:valor descricion="Valor do Ica">0</Ica:valor>
  <Ica:nombreValor descricion="Valor do Ica">0</Ica:nombreValor>
  <Ica:icaParcial parametro="SO2" calculo="H" estacion="Pontevedra"
  data="24/04/2014" hora="12:00" valor="0" texto="Boa" />
  <Ica:icaParcial parametro="CO" calculo="O" estacion="Pontevedra"
  data="24/04/2014" hora="12:00" valor="0" texto="Boa" />
  <Ica:icaParcial parametro="NO2" calculo="H" estacion="Pontevedra"
  data="24/04/2014" hora="12:00" valor="0" texto="Boa" />
  <Ica:icaParcial parametro="PM10" calculo="H" estacion="Pontevedra"
  data="24/04/2014" hora="12:00" valor="0" texto="Boa" />
  <Ica:icaParcial parametro="O3" calculo="O" estacion="Pontevedra"
  data="24/04/2014" hora="12:00" valor="0" texto="Boa" />
  <Ica:icaParcial parametro="O3" calculo="H" estacion="Pontevedra"
  data="24/04/2014" hora="12:00" valor="0" texto="Boa" />

</item>
  
```

## Anexo 1

Identificadores das zonas:

idZona	Nome
1	A Coruña
2	Ourense
3	Ferrol
4	Lugo
5	Pontevedra
6	Ponteareas
7	Vigo
8	Santiago de Compostela
11	Laza

## Anexo 2

Identificadores e nomes dos índices de calidade do aire:

Nome do Valor	Valor do Ica
Boa	0
Admisible	1
Mala	2
Moi Mala	3
Non Hai Datos	-1



### Anexo 3

#### Parámetros empregados

Parámetro	Significado
SO <sub>2</sub>	Dióxido de azufre
CO	Monóxido de carbono
NO	Monóxido de nitróxeno
NO <sub>2</sub>	Dióxido de nitróxeno
PM <sub>10</sub>	Partículas menores de 10 μ
O <sub>3</sub>	Ozono